

|  |                      |
|--|----------------------|
| Código do documento  | Código do expediente |
| <b>USG16I01BE</b>  | <b>USG/2022/49</b>   |
| Código de Verificación Electrónica (COVE)  |                      |
|  |                      |
| 0N34 0D27 6T08 3O5Y 0FT2   |                      |

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA TRINTA E UN DE MARZO DE DOUS MIL VINTE E DOUS**

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo, sendo as trece horas e trinta e catro minutos do día trinta e un de marzo de dous mil vinte e dous, e previa a oportuna convocatoria con especificación da orde do día a tratar, reúnese o Pleno municipal en sesión ordinaria, en primeira convocatoria.

Preside a sesión a Sra. Alcaldesa en funcións, dona María Guadalupe Pombo Carril, e asisten:

**Polo Grupo Municipal do PSdeG-PSOE:**

D<sup>a</sup>. MARTA MARÍA FIGUEROA FUENTES  
D. JUAN CARLOS IGLESIAS LOVELLE  
D<sup>a</sup>. MARTA MARÍA IGLESIAS BECERRA  
D<sup>a</sup>. JESSICA MÉNDEZ SÁNCHEZ  
D. MARIO ALFONSO IGLESIAS GÓMEZ  
D<sup>a</sup>. MARÍA PENÉLOPE LÓPEZ DÍAZ  
D. CARLOS LIÑARES GESTAL  
D<sup>a</sup>. SUSANA AMOR FERNÁNDEZ  
D. ABRAHAM SEIJAS GONZÁLEZ

**Polo Grupo Político Popular:**

D<sup>a</sup>. IZASKUN GARCÍA GOROSTIZU  
D. ANTÓN PRIETO GARCÍA

**Polo Grupo Político Bloque Nacionalista Galego:**

D<sup>a</sup>. MARÍA BEATRIZ PÉREZ MOSQUERA  
D. GONZALO MÉNDEZ MOSQUERA

**Polo Grupo Político Alternativa dos Veciños:**

D<sup>a</sup>. MARÍA ALICIA FERREIRO VARELA  
D. EDUARDO JOSÉ MOURELLE BOTANA  
D<sup>a</sup>. SANDRA MARÍA MARZOA GARCÍA

Non asisten á sesión o Sr alcalde, don José Ramón Rioboo Castro, e os sres concelleiros do grupo político do PP, don Alfonso Rico Verea e do grupo político do BNG, don Enrique Antonio Chouciño Garrido.

Asiste á sesión a interventora municipal, dona Vanesa García Barreiro e dá fe do acto a secretaria xeral, dona Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN DE DATA 11 DE FEBREIRO DE 2022.**

Seguidamente, de conformidade co previsto no art. 79 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP N° 162, 16/7/2004), pola Presidencia pregúntase se existe algunha obxección ou observación a acta da sesión de data 11 de febreiro de 2022, da que se entregou copia remitida coa convocatoria desta sesión.

|  |                      |
|--|----------------------|
| Código do documento  | Código do expediente |
| <b>USG16I01BE</b>  | <b>USG/2022/49</b>   |
| Código de Verificación Electrónica (COVE)  |                      |
|  |                      |
| 0N34 0D27 6T08 3O5Y 0FT2   |                      |

Non producíndose intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a acta da sesión ordinaria de data 11 de febreiro de 2022, sendo aprobada por unanimidade dos señores/as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a acta da sesión ordinaria celebrada en data 11 de febreiro de 2022.

## **2.- PROPOSTA SOBRE APROBACIÓN DAS BASES QUE REXERÁN O III MEMORIAL “TINO POZA” DE ARTES PLÁSTICAS.**

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta do Sr. concelleiro delegado de desenvolvemento local, cultura, festas e turismo de data vinte e un de marzo de dous mil vinte e dous (código de documento UCU16I002E), ditaminada favorablemente pola comisión informativa de Medio Ambiente, Obras, Servizos, Seguridade Cidadá, Persoal, Mocidade, Voluntariado e Protección Civil, na sesión de data vinte e catro de marzo de dous mil vinte e dous, que transcrita di:

### **“PROPOSTA AO PLENO MUNICIPAL**

O Concello de Culleredo (A Coruña), para honrar a memoria do que foi o seu concelleiro de Cultura e impulsor de numerosos proxectos culturais e artísticos, Celestino Poza Domínguez, convoca o III Memorial “Tino Poza” de Artes Plásticas, que terá carácter itinerante polas diversas parroquias do Concello de Culleredo.

Propónse a aprobación polo Pleno Municipal das bases que rexeran o III Memorial “Tino Poza” de Artes Plásticas ”

BASES:

- 1.- Poderán participar todas aquelas persoas que o desexen.
- 2.- O evento terá lugar o sábado 30 de abril de 2022.
- 3.- INSCRIPCIÓN E SELADO: A inscrición e selado das teas ou outro tipo de soportes elixidos polos artistas terá lugar o mesmo día, entre as 9:00 h. e as 11:00 h., na Aula de Natureza “Juan Lembeye” do Xardín Botánico do Burgo.
- 4.- TEMÁTICA: O tema obrigado do Memorial será “O concello de Culleredo e o seu patrimonio natural e monumental”. As obras deberán ser pintadas en directo, “in situ”.
- 5.- CATEGORÍAS: haberá catro categorías: Adultos (de 18 anos en diante), Xuvenil (de 12 a 17 anos) e dúas de Infantil (de 6 a 8 anos, e de 9 a 11 anos).
- 6.- TAMAÑO E TÉCNICA: O tamaño das obras será de 50 cm. como mínimo e un máximo de 120 cm. en calquera dos seus lados.  
Nas categorías infantil e xuvenil as medidas serán elixidas polos propios participantes.  
O soporte poderá ser branco ou en cor base sen texturas e as obras poderanse realizar en calquera técnica: óleo, acrílico, acuarela, etc.  
Os participantes virán provistos de todo o material necesario para a execución da obra. Na categoría de adultos, incluírán o cabaleta para expoñer a pintura realizada.  
Admitírase unha soa obra por concursante e irá sen asinar.
- 7.- RECEPCIÓN DAS OBRAS: Entregaranse na Aula de Natureza “Juan Lembeye”, o mesmo día do evento, en horario de 15:00 a 16:30 h., no que se dará por finalizado o tempo de realización e presentación das obras.

C.I.F. P-1503100-H

|  |                      |
|--|----------------------|
| Código do documento  | Código do expediente |
| <b>USG16I01BE</b>  | <b>USG/2022/49</b>   |
| Código de Verificación Electrónica (COVE)  |                      |
|  |                      |
| 0N34 0D27 6T08 3O5Y 0FT2   |                      |

**8.- PREMIOS:**

**CATEGORÍA ADULTOS (18 ANOS EN ADIANTE)**

|                |         |
|----------------|---------|
| 1º Premio..... | 2.000 € |
| 2º Premio..... | 1.500 € |
| 3º Premio..... | 1.000 € |

**PREMIO CATEGORÍA XUVENIL (12 A 17 ANOS)**

|                 |          |
|-----------------|----------|
| 1º Premio ..... | Material |
| 2º Premio.....  | Material |
| 3º Premio.....  | Material |

**PREMIOS CATEGORÍA INFANTIL:**

De 6 a 8 anos: 1ª, 2ª e 3ª Mención especial: Material.

De 9 a 11 anos: 1ª, 2ª e 3ª Mención especial: Material.

**PROCEDEMENTO DE PAGO DO 1º, 2º e 3º premio da categoría ADULTOS:**

Os premios están suxeitos á lexislación fiscal aplicable, realizándose o seu pagamento mediante transferencia bancaria. Para o pagamento do premio os autores galardoados deberán presentar certificación da conta bancaria e copia do DNI así como o modelo de declaración responsable conforme se cumpren todos os requisitos do artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia para obter a condición de beneficiario dunha subvención pública. Ademais, antes de proceder ao pago, comprobarase se o beneficiario está ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias coa entidade local (Artículo 189.2 TRLRHL). De non ser así o premio quedará deserto.

O premios están consignados á partida 334, encontrándose retido o crédito necesario.

Os restantes premios entregaranse o mesmo día da celebración do Memorial, aos autores das obras premiadas.

**9.- O XURADO, que se dará a coñecer o mesmo día na lectura do seu fallo, estará integrado polas seguintes persoas:**

Presidente: Concelleira de Cultura do Concello de Culleredo.

Secretario/a: Traballador/a do Concello de Culleredo.

Vogais: Catro persoas de recoñecido prestixio dentro do mundo da arte.

A súa decisión será inapelable e basearase na análise da calidade e do valor artístico das obras presentadas a concurso, así como que as obras se adapten ao tema obrigado do Memorial.

O xurado poderá declarar deserto algún dos premios se as obras presentadas non reúnen a calidade suficiente.

**10.- DECISIÓN DO XURADO:** Os membros do xurado emitirán a súa decisión, que será inapelable, o mesmo día da celebración do Memorial, ás 19:00 horas, na Aula de Natureza "Juan Lembeye".

A continuación terá lugar a entrega de premios.

**11.- PROPIEDAD DAS OBRAS:** A obras galardonadas co 1º, 2º e 3º premio da categoría de Adultos quedarán en propiedade do Concello de Culleredo, así como todos os dereitos de reprodución e publicación.

As obras premiadas deberán ser asinadas polos artistas unha vez coñecida a decisión do xurado.

As obras premiadas nas categorías infantil e juvenil devolveranse aos seus autores.

Para a retirada da obra será necesaria a presentación do DNI ou documento que acredite a identidade do autor.

A participación no Concurso implica a aceptación de todas as bases."

|  |                      |
|--|----------------------|
| Código do documento  | Código do expediente |
| <b>USG16I01BE</b>  | <b>USG/2022/49</b>   |
| Código de Verificación Electrónica (COVE)  |                      |
|  |                      |
| 0N34 0D27 6T08 3O5Y 0FT2   |                      |

Iniciada a quenda de intervencións solicita o uso da palabra o voceiro suplente do grupo político do BNG, Sr. Méndez Mosquera quen, unha vez concedido di que a voceira do partido socialista se esquece de comentar que as bases para este premio contan con informe de intervención desfavorable e cunha nota informativa da secretaria no mesmo sentido debido a que non existe un plan estratéxico de subvencións do Concello; que este plan é un requerimento básico da Lei xeral de subvencións; que a falta do mesmo pode provocar a nulidade de calquera convocatoria de subvencións que presente este Concello, non só deste premio de artes plásticas senón de calquera outra subvención que poida publicar o Concello; que é unha cuestión fundamental para poder presentar este tipo de iniciativas e que lle parece evidente que sen unha base legal que permita que teña todas as garantías o seu grupo político non pode apoiar esta iniciativa.

A continuación a sra. Figueroa Fuentes solicita o uso da palabra e di que é verdade que existen eses dous informes, que os dous se refiren ao plan estratéxico de subvencións pero que tamén existe un terceiro informe dun técnico especialista de cultura; que a Lei é do ano 2003 e que posteriormente se desenvolveu un regulamento que especificamente sinala que “ el plan estratéxico de subvenciones es un elemento meramente estimativo de las líneas de subvención y aún existiendo esos planes los mismos no vinculan a los órganos competentes para la concesión de las subvenciones ni para la apertura de las líneas de subvención”; que en base ao que comenta o sr. Méndez Mosquera, que é moi discutible, quere recordar que este é o terceiro memorial, que as primeiras bases se aprobaron no Pleno de trinta de marzo de dous mil dezasete e que o segundo memorial se aprobou no Pleno de vinte e sete de setembro do ano dous mil dezaoto; que os dous memoriales tiñan as mesmas bases exactamente e os informes de fiscalización favorables; que a raíz destes informes sí que iniciaron a elaboración dun plan estratéxico pero que baseándose no informe técnico non ven ningún impedimento para que se poida realizar este memorial.

C.I.F. P-1503100-H

A continuación solicita novamente o uso da palabra o sr. Méndez Mosquera e, unha vez concedido, di que se alegra de que a sra. Concelleira fale do informe do técnico de cultura; que o regulamento explica cómo se aplica a lei de subvencións; que como ela ben describiu no parágrafo que leu fala do contido do plan estratéxico de subvencións, de cómo se debe desenvolver ese plan, das implicacións que pode ter a nivel orzamentario pero non exime de telo, obriga a telo e así o explican a interventora e a secretaria; di que cómpre recordar para a veciñanza cales son as funcións da secretaria e da intervención dun concello e que o goberno municipal se “salta á torera” cando lle peta e busca informes alá onde haxa alguén que llos asine favorablemente; que á secretaria e á interventora lles corresponden as funcións de fé pública e de asesoramento legal preceptivo, que preceptivo significa que debe ser cumprido ou acatado de maneira obrigatoria por estar ordeado por un precepto ou orde e que o goberno municipal pode buscar informes onde queira pero os informes preceptivos que se deberían de cumprir de maneira obrigatoria din que esta convocatoria de subvencións non conta co apoio legal seguindo a lei de subvencións por non contar cun plan estratéxico de subvencións; que o grupo municipal do BNG non lle está a pedir tanto, que se trata dunha cuestión básica para este tipo de convocatorias e que, polo tanto, a convocatoria non conta co apoio legal e incluso a propia secretaria di que en base a unha sentenza do tribunal supremo pode ser nula e que por todos estos motivos o BNG non pode apoiar a proposta.

A sra. Figueroa Fuentes solicita o uso da palabra e dille ao Sr. Méndez Mosquera que lle volve a repetir o mesmo e que lle agradece as aclaracións do que é un informe preceptivo; que estas mesmas bases se aprobaron en dous plenos sen ningún informe deste tipo cando segundo o sr. Méndez Mosquera é obrigatoria; di que a lei non fala de obrigatoriedade xa que non se fixo apreciación nese sentido; que neste momento, que se está a facer esa apreciación, o equipo de goberno xa puxo en marcha a elaboración dese plan estratéxico; que o sr. Méndez Mosquera fala dos informes da interventora e da secretaria, que o goberno municipal os le pero que le todos, e que os informes indican que o regulamento dá marxe para poder efectuar a convocatoria aínda que o plan estratéxico se esté empezando a desenvolver; reitera que non se fala de obrigatoriedade porque se se le o texto da lei 38/2003 en ningún sitio pon obrigatoriedade e di que hai un regulamento que desenvolve a lei e niso é onde basea o técnico a motivación para poder realizar este memorial.

|  |                      |
|--|----------------------|
| Código do documento  | Código do expediente |
| <b>USG16I01BE</b>  | <b>USG/2022/49</b>   |
| Código de Verificación Electrónica (COVE)  |                      |
|  |                      |
| 0N34 0D27 6T08 3O5Y 0FT2   |                      |

Seguidamente o sr. Méndez Mosquera pide o uso da palabra e di que evidentemente informes pode haber moitos, que todos teñen validez pero que non todos teñen o mesmo carácter; que as habilitadas de carácter nacional teñen unhas funcións e que esas funcións deben facerse prevalecer; di que a sra. Figueroa Fuentes fala de que esta convocatoria foi aprobada en dúas ocasións anteriores e que foi así pero que non lle quere recordar todas as cuestións que se aproban no Concello de Culleredo con informes desfavorables da secretaría e da intervención porque non chegarían as mans de todos os concelleiros/as asistentes ao Pleno; reitera que o grupo político do BNG intenta respectar as funcións da secretaría e da intervención e que así o fan saber, queren que as cuestións que se aproben neste Pleno teñan unha base xurídica que as avale e que non permitan que o día de mañá poidan ser nulas.

A continuación intervén a sra. Alcaldesa en funcións e di que a intención do goberno municipal é a de subsanar ese plan estratéxico.

Rematadas as intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do Sr. concelleiro delegado de desenvolvemento local, cultura, festas e turismo de data vinte e un de marzo de dous mil vinte e dous, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: dez (10), dos/as Sres/as: Pombo Carril, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Méndez Sánchez, Iglesias Gómez, López Díaz, Liñares Gestal, Amor Fernández e Seijas González.

Votos en contra: dous (2), dos/as Sres/as: Pérez Mosquera e Méndez Mosquera.

Abstencións: cinco (5), dos/as Sres/as: García Gorostizu, Prieto García, Ferreiro Varela, Mourelle Botana e Marzoa García.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a proposta do Sr. concelleiro delegado de desenvolvemento local, cultura, festas e turismo de data vinte e un de marzo de dous mil vinte e dous polo que devén en acordo nos termos transcritos.

## **2.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, PROPOSTA SOBRE APROBACIÓN DA SOLICITUDE DUNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O FINANCIAMENTO DO MANTENIMENTO XERAL E RESERVA DE CINCO PRAZAS NO CENTRO OCUPACIONAL "A ESCADA" PARA O ANO 2022.**

A Presidencia, ao amparo do disposto no artigo 85.2 do Regulamento orgánico municipal (BOP nº162, do 16/7/2004), e de conformidade coas prescricións do artigo 71.3 do ROM, somete á ratificación do pleno a inclusión na orde do día por razóns de urxencia, da proposta da Alcaldía de data 2 de marzo de 2022 (código de documento UBS16I00LC), relativa ao asunto epigrafiado, que é ratificada por unanimidade dos señores/as concelleiros/as asistentes á sesión.

De seguido, somete a debate e votación do Pleno a citada proposta, que literalmente di:

**"Proposta do Alcalde-Presidente do concello de Culleredo, para a aprobación da solicitude dunha subvención nominativa para o financiamento do mantemento xeral e reserva de cinco prazas no centro ocupacional "A Escada", para o ano 2022.**

O Concello de Culleredo ten en funcionamento desde o ano 1991, en xestión directa, un Centro ocupacional de titularidade municipal para persoas adultas con diversidade funcional intelectual denominado "A Escada".

|  |                      |
|--|----------------------|
| Código do documento  | Código do expediente |
| <b>USG16I01BE</b>  | <b>USG/2022/49</b>   |
| Código de Verificación Electrónica (COVE)  |                      |
|  |                      |
| 0N34 0D27 6T08 305Y 0FT2   |                      |

O Centro Ocupacional “A Escada” tenta de dar opcións de carácter formativo e prelaboral, aos mozos e mozas que pasan por él. Nos últimos anos o perfil de xoves inscritos no Centro é, a maioría das veces, dunha discapacidade intelectual media, polo que as alternativas laborais pasan por unha actividade máis ben protexida que contemple habelencias laborais, de terapia ocupacional e de axuste persoal, xa que aqueles rapaces e rapazas con maior capacidade oriéntanse ao emprego ordinario, ou a empresas protexidas (Centros Especiais de Emprego) a través do SAIS (Servizo de Acompañamento á Inserción Socio-laboral) do concello, e do Gabinete de inserción socio-laboral do Consorcio “As Mariñas” do que Culleredo forma parte.

Doutra banda, no centro “A Escada” foméntanse actividades convivenciais que favorecen a socialización das persoas con discapacidade intelectual, a participación das súas familias nestes procesos, e de todos eles no seu medio.

En definitiva, seguindo as últimas tendencias en materia de integración sociolaboral das persoas con este tipo de discapacidade, o centro ocupacional concíbese como un observatorio das capacidades para o emprego e, a través da habilitación profesional, serve de plataforma para a posterior integración laboral da persoa con diversidade funcional intelectual a través do *emprego con apoio* nunha empresa ordinaria. Dada a crise económica que arrastra o país, faise moi difícil na actualidade esta inserción laboral, ou nun *centro especial de emprego (C.E.E.)*. Así que mentres este obxectivo non se acade, “A Escada” actúa como un espazo simulador dun auténtico centro de traballo e formación, no que as persoas medran en autoestima e acadan habelencias persoais e sociais. A venda de produtos artesanais elaborados no Centro, contribúe a reforzar o rol de persoa “traballadora” para os seus usuarios.

C.I.F. P-1503100-H

Sendo como é un dos únicos cinco centros públicos desta tipoloxía rexistrados na comunidade autónoma galega, desde os inicios mantívose desde o concello a vocación de servizo á cidadanía e de rentabilidade do recurso polo que fai moitos anos que “A Escada” ten usuarios e usuarias dos concellos limítrofes, que dado que non están padroados neste concello teñen que aboar uns prezos públicos que Culleredo non pode subvencionar por non tratarse de veciños e veciñas do concello, e que resultan un custo moi elevado para as familias que, aínda así, fan ese esforzo económico valorando a calidade do servizo que se lles está a prestar. Neste intre están acudindo ao centro 18 persoas, 14 de Culleredo e 4 persoas dos concellos limítrofes: 3 de Cambre e 1 da Coruña.

Doutra banda, non existe actualmente ningunha liña pública de subvención específica para este tipo de Centros, nin existe ningún outro Centro público de similares características en toda a área metropolitana.

Así pois, a única aportación económica que recibe o concello neste momento para manter “A Escada”, é a través da recadación de prezos públicos procedentes dos devengos das persoas usuarias, e da pequena venda de produtos elaborados por eles mesmos, que durante os anos 2020, 2021 e o actual, debido á pandemia non foi nin está sendo posible nin a produción nin a venda, de xeito que o concello está a sufragar con fondos propios tanto o persoal, as actividades como o mantemento do Centro, para garantir o dereito cidadán de igualdade de oportunidades de formación, de integración social e de acceso ao emprego.

En consonancia con este esforzo económico municipal, e dada a excepcionalidade e singularidade deste Centro, tal e como se recolle da memoria anual de actividade, o concello de Culleredo e a Deputación Provincial da Coruña, veñen de suscribir dende o ano 2011 convenios anuais de cofinanciación para este fin.

Para este ano 2022, a Deputación provincial da Coruña, a través dun anuncio telemático na plataforma de xestión de subvencións SUBTEL, ten aberto o procedemento de tramitación con número de expediente: 2022000000548: CNV-C-ACT: Mantemento xeral e reserva de prazas no centro ocupacional “A Escada” no ano 2022.

A partires deste anuncio, os servizos sociais municipais abriron un expediente UBS/2022/32, co fin de tramitar a solicitude do antedito convenio de cofinanciamento: *CNV-C-ACT: Mantemento xeral e reserva de prazas no centro ocupacional “A Escada” no ano 2022.*

Tendo en conta as consideracións que se citan:

|  |                      |
|--|----------------------|
| Código do documento  | Código do expediente |
| <b>USG16I01BE</b>  | <b>USG/2022/49</b>   |
| Código de Verificación Electrónica (COVE)  |                      |
|  |                      |
| 0N34 0D27 6T08 3O5Y 0FT2   |                      |

**Proponse ao Pleno Municipal**, a aprobación do seguinte acordo:

Solicitar a formalización dun Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Culleredo, co fin de financiar o mantemento xeral e a reserva de 5 prazas no centro ocupacional "A Escada", durante o ano 2022 para persoas adultas con discapacidade intelectual que residan noutros concellos da Provincia da Coruña, polo interese público provincial que representa, así como pola singularidade e excepcionalidade da actividade desenvolvida nél; por un importe total de 70.000 euros, que acada un coeficiente de cofinanciación do 44,69%."

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 2 de marzo de 2022 que é aprobada por unanimidade dos sres/as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a proposta da Alcaldía de data 2 de marzo de 2022 polo que devén en acordo nos termos transcritos.

**4.-PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, MOCIÓN DO GRUPO POLÍTICO PsdeG-PSOE SOBRE O PLAN URXENTE DE MEDIDAS ECONÓMICAS E SOCIAIS DE GALICIA DIANTE DA CRISE DERIVADA POLA INVASIÓN DE UCRAÍNA.**

A Presidencia, ao amparo do disposto no artigo 85.2 do Regulamento orgánico municipal (BOP nº 162, do 16/7/2004), e de conformidade coas prescricións do artigo 71.3 do ROM, somete á ratificación do pleno a inclusión na orde do día por razóns de urxencia, a moción do grupo político PsdeG-PSOE, presentada no rexistro xeral do Concello o día 25 de marzo de 2022 (número 2022/3041), relativa ao plan urxente de medidas económicas e sociais de Galicia diante da crise derivada pola invasión de Ucraína, que é ratificada por unanimidade dos/as Sres/as concelleiros/as asistentes á sesión.

De seguido, somete a debate e votación do Pleno a citada moción, que transcrita di:

**"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O PsdeG-PSOE vén de presentar un Plan urxente de medidas económicas e sociais. Trátase dun decálogo de medidas co obxectivo de facer fronte á situación de emerxencia derivada da guerra de Ucraína e axudar a paliar as súas consecuencias, sobre todo ás persoas e sectores máis afectados e ás persoas en situación de vulnerabilidade. O custo da electricidade, do combustible e de materia prima de determinados produtos descontrolouse porque Rusia é un dos principais provedores de gas e petróleo para Europa, mentres que Ucraína é un dos principais produtores de cereais e aceite de xirasol. Se a este contexto se suman os efectos negativos de dous anos de pandemia, aparece un horizonte escuro para a economía da que ameaza a ansiada recuperación económica. Cómpre, polo tanto, actuar de maneira urxente, e, para iso, plantéxanse as seguintes medidas:

**1. Redución das peaxes das autoestradas de titularidade autonómica.**

Baixada das tarifas nun 75 % para o profesionais do transporte e nun 50 % para o resto dos usuarios. Impulsar que o Goberno de España negocie coas concesionarias, nomeadamente a da AP-9, unha baixada similar nas autoestradas de titularidade estatal.

**2. Rebaixa nas taxas da ITV (competencia da Xunta de Galicia).** Redución das tarifas da inspección técnica de vehículos nun 75 % para os profesionais do transporte e nun 50% de media, con carácter progresivo, para o resto dos usuarios.



|  |                      |
|--|----------------------|
| Código do documento  | Código do expediente |
| <b>USG16I01BE</b>  | <b>USG/2022/49</b>   |
| Código de Verificación Electrónica (COVE)  |                      |
|  |                      |
| 0N34 0D27 6T08 3O5Y 0FT2   |                      |

3. **Plan de axudas dirixidas a autónomos e profesionais** para compensar o aumento de custes do transporte. Posta en marcha dunha liña de axudas urxentes para axudar a costear a alza dos combustibles nos sectores de pesca, da agricultura e a gandería.

Colaborar co Goberno de España para rebaixar a imposición sobre hidrocarburos, ben mediante a actuación sobre o Imposto Especial de Hidrocarburos, ben mediante a aplicación dun IVE a tipo reducido.

4. Impulsar o cambio na regulación do mercado eléctrico que faga posible desvincular o prezo da enerxía eléctrica para familias e empresas do prezo do gas, facendo posible unha **rebaixa significativa do custe da electricidade**, así como demandar a redución das peaxes na rede eléctrica e de gas.
5. Identificación e impulso legislativo para determinar, por parte da Xunta de Galicia, os **proxectos estratéxicos** dirixidos a elevar a **autosuficiencia enerxética** a baixo custe tanto para ámbito doméstico como para o aprovisionamento industrial.

Impulsar desde a propia Administración autonómica un instrumento financeiro de participación e liderado no desenvolvemento de proxectos estratéxicos.

6. Redución das **tarifas portuarias** nun 75 % tanto no que se refire a Portos de interese xeral como aos xestionados pola Xunta de Galicia.
7. Modificar os Orzamentos da Xunta de Galicia para aprobar **un plan social de axudas ás familias máis vulnerables**, triplicando a partida orzamentaria dedicada ao **bono social eléctrico**, pasando de 1,9 a 6 millóns de euros, o que permitía incrementar de 5.000 a 15.000 o número de familias vulnerables beneficiarias.
8. Reformulación da **Tarxeta Básica** da Xunta coa finalidade de incorporar nesta prestación ás familias de persoas refuxiadas procedentes de Ucraína.
9. Demandar da Xunta unha **redución no tramo autonómico do IRPF** para aquelas persoas non obrigadas a presentar a declaración da renda, pero cuxos ingresos si están suxeitos a retención e negociar co Estatuto unha rebaixa paralela.
10. Que a Xunta, a través do IGAPE, habilite un **fondo de avais e de liquidez** que garanta a viabilidade de empresas afectadas polo peche de mercados en Rusia e Ucraína. Colaborar coa rede exterior na identificación de novos mercados para o aprovisionamento de cereais e outras producións que poden ver interrompido o subministro a causa da guerra.

C.I.F. P-1503100-H

**Por todo o anterior, o Grupo Municipal Socialista insta ao Pleno da Corporación de Culleredo a adoptar os seguintes acordos:**

#### **A Corporación Municipal de Culleredo**

1. Insta á Xunta de Galicia a poñer en marcha as medidas que son da súa competencia:

- **Redución das peaxes autoestradas da titularidade autonómica**
- **Rebaixa nas taxas da ITV**
- Impulso legislativo para determinar, por parte da Xunta de Galicia, os **proxectos estratéxicos** dirixidos a elevar a **autosuficiencia enerxética**.



|  |                      |
|--|----------------------|
| Código do documento  | Código do expediente |
| <b>USG16I01BE</b>  | <b>USG/2022/49</b>   |
| Código de Verificación Electrónica (COVE)  |                      |
|  |                      |
| 0N34 0D27 6T08 3O5Y 0FT2   |                      |

- Redución das **tarifas portuarias** nun 75 %
- Aprobar **un plan social de axudas ás familias máis vulnerables**
- Reformulación da **Tarxeta Básica** da Xunta
- **Redución no tramo autonómico do IRPF**
- Habilitar un **fondo de avais e de liquidez** que garanta a viabilidade de empresas afectadas polo peche de mercados en Rusia e Ucraína.

2. Insta ao Goberno do Estado a adoptar as seguintes medidas da súa competencia:

- Impulsar o cambio na regulación do mercado eléctrico que faga posible unha **rebaixa significativa do custe da electricidade.**
- Redución das **tarifas portuarias** nun 75 %
- Rebaixar a imposición sobre hidrocarburos
- Impulsar unha baixada nas autoestradas de titularidade estatal, nomeadamente a da AP-9 “

A Sra. Figueroa Fuentes procede á lectura da moción.

Iniciada a quenda de intervencións solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político Alternativa dos Veciños, Sr. Mourelle Botana quen, unha vez concedido di que desde o seu grupo político non van votar en contra desta moción xa que están a favor da mellora social e económica da cidadanía; que, non obstante, consideran que dita moción ten máis tintes políticos entre o PsdeG-PSOE e o PP de Galicia.

A continuación solicita o uso da palabra a sra. Pérez Mosquera quen, unha vez concedido, di que o que acaban de ver é que lle falta unha folia á moción e que hai que levar os deberes feitos e ás veces mirar as cousas antes de chegar ao Pleno. Continúa dicindo que o BNG non está en contra destas medidas, que lles parece que o plan urxente fai falta e que ademais querían facer algunha engádegas a esta moción para que puidera ser aprobada.

Di que no punto 1 queren facer dúas engádegas:

Instar á Xunta de Galicia a:

- Incrementar as pensións non contributivas a través da suba dun complemento autonómico
- Incrementara a RISGA,

e no punto 2 onde fala de instar ao goberno do Estado serían varias engádegas:

- Rebaixar o IVE en bens e servizos como os alimentos básicos, produtos do mar, hixiene persoal feminina, transporte público, electricidade e gas
- Incrementar as pensións e salarios máis nun 60% o soldo medio actual.
- Incrementar o ingreso mínimo vital

|  |                      |
|--|----------------------|
| Código do documento  | Código do expediente |
| <b>USG16I01BE</b>  | <b>USG/2022/49</b>   |
| Código de Verificación Electrónica (COVE)  |                      |
|  |                      |
| 0N34 0D27 6T08 3O5Y 0FT2   |                      |

- Intervir o mercado da vivenda para facilitar o acceso das persoas con renda máis baixa poñendo a disposición da Xunta as 2735 vivendas do SAREB.

Continúa a súa intervención a sra. Pérez Mosquera e di que se se aproban estas engádegas o BNG votaría a favor da moción.

A continuación solicita o uso da palabra o sr. Prieto García e, unha vez concedido, di que en relación ao comentario feito na súa intervención por Alternativa dos Veciños el descoñece a parte populista que pode ter o Partido Popular na moción que se presenta neste punto pois de momento o partido popular nin pincha nin corta e ata que se vote non se pode dicir nada; que se podería dicir unha vez que se realice a votación pero non de boas a primeiras e que o grupo político popular, no tema do populismo, está igual de vinculado que Alternativa dos Veciños; que os membros do seu grupo non se opoñen a traer ao pleno as rebaixas de impostos que sexa necesario facer e que lle sorprende que sexa o Partido Socialista o que traia esta moción, estrañándose de que o equipo de goberno propoña aumentar aínda máis o gasto público e diminuír os impostos cando o lóxico é que, cando se trae un plan de medidas de redución fiscal, se traia tamén unha contrapartida de redución do gasto público porque non se poden aumentar os servizos que se ofrecen, aumentando o custo que iso lle supón ao Estado, e diminuír os ingresos do Estado, pois hai xa unha débeda pública que ronda os 120 puntos sobre o PIB e unha inflación, xa antes da guerra de Ucraína, dun sete por cento; que o que non se pode pretender no pleno, tal como comentou o grupo político Alternativa dos Veciños, é traer mocións que sí son partidistas, que teñen un tinte político moi claro e con puntos na orde do día que, a fin de contas, o que pretenden é unha redución do custo enerxético cando é o propio goberno do partido socialista o que impulsa o sobrecusto enerxético en base aos impostos que presenta e en base a decisións pasadas e recorda que as subastas enerxéticas nacen da comisión europea que é o que xenera o sobrecusto enerxético actual do país; que todas as modificacións que se realizaron veñen de políticas conservadoras do partido socialista; que ao grupo político popular lle parece moi ben e moi coherente pedir reducións de impostos, axudas a autónomos e todo o que sexa necesario pero que iso ten que ir acompañado sempre dunha redución de gasto público porque se non o que se fai é incrementar a débeda e de novo un brindis ao sol pois parece que os veciños de Culleredo están pagando 250 euros por cada cabeza pensante que está no Pleno para nada porque ao final son mocións que non van a ningún lado e que, de ir, terían un custe moito peor do que se pretende.

C.I.F. P-1503100-H

Segue a dicir o Sr. Prieto García que, por outro lado, os membros do seu grupo solicitan que se suspenda provisionalmente a moción que se presenta neste punto e se leve de novo a Pleno nun mes ou cando sexa necesario engadindo unha rebaixa fiscal no que sí lles corresponde, que é o Concello de Culleredo; que lle chama moito a atención ao Partido Popular que nos orzamentos do Concello de Culleredo, ano tras ano, só se execute un custe mínimo deles que se vai acumulando, constando nos orzamentos impostos recadados que non son capaces de gastar e, en lugar de reducir os impostos en Culleredo, o que se fai é pedirlle á Xunta, engadindo que os membros do seu grupo llo pedirán porque non teñen ningún problema en pedirlle cousas á Xunta; que o primeiro hai que facer é pedir por Culleredo e reducir os impostos en Culleredo, reducir a taxa de vehículos, e, en concreto, axudar en Culleredo porque cando foi o tema do COVID o Partido Popular pediu que se adoptaran unha serie de medidas que non se aprobaron polo grupo socialista que dixo que xa tiña previsto dito grupo un montón de axudas sen que fixera nada máis que apoiar os fondos da Deputación; que se o goberno municipal está disposto a sentarse e ver a proposta de axudas que pode formular o Concello de Culleredo e todos os concelleiros e concelleiras que conforman a Corporación están dispostos a traballar nunha medida fiscal para o Concello de Culleredo, por parte do grupo político popular non haberá problemas pero mentres tanto non poden máis que absterse na moción que se presenta neste punto.

A continuación solicita o uso da palabra a sra. Figueroa Fuentes quen, unha vez concedido, di que agradece á sra. Pérez Mosquera o seu comentario e lle aclara que non falta unha folla da moción senón unha carátula xa que ela imprime a dobre cara; que non sabe o motivo polo que non se imprimiu esa cara; que se trata dun plan urxente concreto vinculado á guerra de Ucraína e que as propostas que formula o BNG son rebaixas xenéricas que se

|  |                      |
|--|----------------------|
| Código do documento  | Código do expediente |
| <b>USG16I01BE</b>  | <b>USG/2022/49</b>   |
| Código de Verificación Electrónica (COVE)  |                      |
|  |                      |
| 0N34 0D27 6T08 3O5Y 0FT2   |                      |

poderían levar a outro plan noutro momento e noutra moción: rebaixar o IVE, subir o ingreso mínimo vital, subir as pensións non contributivas, RISGA; que ela entende que poderían incluír un montón de cousas pero que esta moción está vinculada á guerra de Ucraína e están a falar de subidas de prezos da electricidade, gas, combustibles, etc.; que ela en principio non engadería nada do que propón o BNG, que o desestimaría. En relación ao que comentou o sr. Prieto García di que sí que é verdade que o PSOE non é partidario de baixadas de impostos pero que entenden que esta moción contempla este plan urxente ante unha situación excepcional e por iso se adoptan medidas excepcionais e lles pide o seu apoio para esta moción.

Seguidamene solicita o uso da palabra a sra. Pérez Mosquera e, unha vez concedido, di que lle parece estupendo que a sra Figueroa Fuentes lle diga que recicla pero que ela non lle dixo iso, que ela dixo que cando falta unha folia é porque ás veces non se len as cousas que se levan ao Pleno e se fan de memoria; que as medidas están relacionadas co transporte e por iso eles fan unha engádegas desde o BNG; que lle sorprendeu que a sra. Figueroa dixo “este partido propoñe esta moción” e pregunta se o partido non é o seu porque o di coma se falase desde a barreira, di que parece que ve algo desde fóra, algo que lle cae aí e fala del.

Remata a súa intervención dicindo que se teñen que abster ao non incluír as engádegas.

A continuación solicita o uso da palabra o sr. Prieto García e, unha vez concedido, di que en relación ao que falan de que son medidas urxentes como é a guerra de Ucraína que quere recordar que cando foi a crise da COVID, que afectou aos comerciantes durante ano e medio, o PSOE de Culleredo votou en contra da batería de axudas que o Partido Popular presentaba e que aquilo tamén era unha situación de urxencia; que neste caso pode ser unha situación de urxencia pero considera que a moción tería que prever un sobrecusto, prever as axudas que queren dar e a implicación na redución da taxa de impostos que presentan; que cando se presenta a moción debería estar traballada, poñendo desde que data e ata que data vai e explicando o tipo impositivo para que sexa unha proposta real; que esta Corporación é moi cara de manter e que ao mellor o que lles interesa aos veciños son medidas como que se reduza o salario dos concelleiros e que se destine ás empresas de Culleredo que pasaron un mal momento co tema dos impostos; que o asunto é que en Culleredo non se fai nada en relación ao propio concello e que tampouco se presentan cuestións definidas.

De seguido pide o uso da palabra a sra. Figueroa Fuentes e lle di á sra. Pérez Mosquera que como na súa intervención non aclaraba nada e só subxectivaba cre que non ten nada que contestarlle; en relación á intervención do sr. Prieto García di que lle repite o que dixo anteriormente, que a moción vai vinculada a un caso concreto, que isto é unha moción na que se prevé facer un plan de emerxencia, que ese plan se desenvolve despois de que esta moción se aprobe, que se se termina levando a cabo entón se fará un estudo e se poñerán datas e prazo; que é imposible que nunha moción se desenvolva o plan.

Rematadas as intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a moción do grupo político do PsdeG-PSOE de data vinte e cinco de marzo de dous mil vinte e dous , obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: trece (13), dos/as Sres/as: Pombo Carril, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Méndez Sánchez, Iglesias Gómez, López Díaz, Liñares Gestal, Amor Fernández, Seijas González, Ferreiro Varela, Mourelle Botana e Marzoa García.

Votos en contra: ningún.

Abstencións: catro (4), dos/as Sres/as: García Gorostizu, Prieto García, Méndez Mosquera e Pérez Mosquera

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a moción do grupo político PsdeG-PSOE de data vinte e cinco de marzo de dous mil vinte e dous polo que devén en acordo nos termos transcritos.

**5.-PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, MOCIÓN DO GRUPO POLÍTICO DO BNG SOBRE PRESENTACIÓN DE ALEGACIÓNS AO “TRÁMITE DE INFORMACIÓN PÚBLICA A SOLICITUDE DE CONCESIÓN PARA A INSTALACIÓN DUN APROVEITAMENTO HIDROELÉCTRICO NO LAGO DE MEIRAMA, CONCELLO DE CERCEDA, A CORUÑA”**

A Presidencia, ao amparo do disposto no artigo 85.2 do Regulamento orgánico municipal (BOP nº 162, do 16/7/2004), e de conformidade coas prescricións do artigo 71.3 do ROM, somete á ratificación do pleno a inclusión na orde do día por razóns de urxencia, a moción do grupo político BNG, presentada no rexistro xeral do Concello o día 28 de marzo de 2022 (número 2022/3085), relativa ao “trámite de información pública a solicitude de concesión para a instalación dun aproveitamento hidroeléctrico no lago de Meirama, concello de Cerceda, A Coruña”, que é ratificada por unanimidade dos/as Sres/as concelleiros/as asistentes á sesión.

A sra. Presidenta adianta que o voto do PsdeG-PSOE vai ser a favor da moción.

De seguido, somete a debate e votación do Pleno a citada moción, que transcrita di:

**“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

No BOP da Coruña do martes 15 de marzo de 2022, publícase o “Anuncio do 4 de marzo de 2022 polo polo que se somete ao trámite de información pública a solicitude de concesión para a instalación dun aproveitamento hidroeléctrico no lago de Meirama, concello de Cerceda, A Coruña” da Subdirección Xeral de Xestión do Dominio Público Hidráulico do organismo Augas de Galiza, Dependente da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galiza.

Este proxecto pretende unha central hidroeléctrica reversible entre o lago de Meirama e o encoro de Cecebre.

Ao respecto, no que atañe a Culleredo, compre destacar dúas cuestións. A primeira unha posible afectación ao incremento de lodos á Ría do Burgo por vía da presa de Cecebre e o Río Mero; e por outra unha posible afectación aos acuíferos do Monte Xalo, dos que non hai que esquecer, capta Culleredo auga para a distribución na súa rede de auga potable.

**Respecto da primeira cuestión:**

Unha central hidroeléctrica caracterízase polo forte e continuo fluído da auga que normalmente xenera entoldamento das augas polos arrastres de lodos e supostamente en maior medida ao tratarse de unha central reversible que bombearía a auga tamén en gran cantidade de caudal.

| 606             | 18/03/2022 | Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de Y.I.Q.L. e J.M.J.Q.               |                  |
| 607             | 18/03/2022 | Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de E.J.V.C.                          |                  |
| 608             | 18/03/2022 | Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de S.P.G. e B.S.S.                   |                  |
| 609             | 18/03/2022 | Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de J.C.P.M. e E.E.R.U.               |                  |
| 610             | 18/03/2022 | Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de Y.M.S.R., A.M.S., N.M.S. e J.M.V. |                  |
| 611             | 18/03/2022 | Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de A.G.C. e J.J.G.                   |                  |
| 612             | 18/03/2022 | Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de L.P.P.                            |                  |
| 613             | 18/03/2022 | Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de M.J.F.S., M.M.S. e P.M.F.         |                  |
| 614             | 18/03/2022 | Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de B.C.S.                            |                  |
| 615             | 18/03/2022 | Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de M.S.C.                            |                  |
| 616             | 18/03/2022 | Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de M.B.G., M.C.B., S.B.C. e C.B.C.   |                  |
| 617             | 18/03/2022 | Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de B.R.R.                            |                  |
| 618             | 18/03/2022 | Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de N.R.A.                            |                  |



| NÚM. RESOLUCIÓN | DATA       | EXTRACTO  | PLENO 31-03-2022 |
|-----------------|------------|---|------------------|
| 619             | 18/03/2022 | Levantamento do reparo formulado pola Intervención xeral e avocación da competencia para a aprobación, disposición e recoñecemento dos gastos e ordenación dos pagos O/2022/39, por un importe total de 72,89€.     |                  |
| 620             | 18/03/2022 | Levantamento do reparo formulado pola Intervención xeral e avocación da competencia para a aprobación, disposición e recoñecemento dos gastos e ordenación dos pagos O/2022/40, por un importe total de 977,85€.    |                  |
| 621             | 18/03/2022 | Levantamento do reparo formulado pola Intervención xeral e avocación da competencia para a aprobación, disposición e recoñecemento dos gastos e ordenación dos pagos O/2022/41, por un importe total de 13.452,46€. |                  |
| 622             | 18/03/2022 | Inicio do procedemento administrativo sancionador SCOVID/CULLEREDO/0295 contra A.A.F.   |                  |
| 623             | 18/03/2022 | Inicio do procedemento administrativo sancionador SCOVID/CULLEREDO/0296 contra C.T.M.   |                  |
| 624             | 18/03/2022 | Levantamento do reparo formulado pola Intervención xeral e avocación da competencia para a aprobación, disposición e recoñecemento dos gastos e ordenación dos pagos O/2022/42, por un importe total de 1.988,12€.  |                  |
| 625             | 18/03/2022 | Inicio do procedemento administrativo sancionador SCOVID/CULLEREDO/0297 contra D.L.B.   |                  |
| 626             | 18/03/2022 | Inicio do procedemento administrativo sancionador SCOVID/CULLEREDO/0298 contra D.G.V.   |                  |
| 627             | 18/03/2022 | Inicio do procedemento administrativo sancionador SCOVID/CULLEREDO/0299 contra F.F.B.   |                  |
| 628             | 18/03/2022 | Inicio do procedemento administrativo sancionador SCOVID/CULLEREDO/0300 contra J.G.A.   |                  |
| 629             | 18/03/2022 | Inicio do procedemento administrativo sancionador SCOVID/CULLEREDO/0301 contra M.P.V.   |                  |
| 630             | 18/03/2022 | Inicio do procedemento administrativo sancionador SCOVID/CULLEREDO/0302 contra N.F.T.   |                  |

| NÚM. RESOLUCIÓN | DATA       | EXTRACTO  | PLENO 31-03-2022 |
|-----------------|------------|---|------------------|
| 631             | 18/03/2022 | Inicio do procedemento administrativo sancionador SCOVID/CULLEREDO/0303 contra S.J.F.C.   |                  |
| 632             | 18/03/2022 | Inicio do procedemento administrativo sancionador SCOVID/CULLEREDO/0272 contra J.B.P.L.   |                  |
| 633             | 18/03/2022 | Inicio do procedemento administrativo sancionador SCOVID/CULLEREDO/0273 contra A.D.V.   |                  |
| 634             | 18/03/2022 | Inicio do procedemento administrativo sancionador SCOVID/CULLEREDO/0275 contra M.B.I.   |                  |
| 635             | 18/03/2022 | Inicio do procedemento administrativo sancionador SCOVID/CULLEREDO/0274 contra A.M.S.   |                  |
| 636             | 18/03/2022 | Convocatoria á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 21 de marzo de 2022.   |                  |
| 637             | 18/03/2022 | Inicio do procedemento administrativo sancionador SCOVID/CULLEREDO/0276 contra J.A.S.T.   |                  |
| 638             | 18/03/2022 | Revogación delegación das funcións da alcaldía no segundo tenente de alcalde, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, a partires da hora da sinatura desta resolución.   |                  |
| 639             | 21/03/2022 | Asunción pola alcaldía-presidencia das atribucións delegadas na concelleira delegada de Facenda, Patrimonio e Administración electrónica e Urbanismo, D.ª Marta María Iglesias Becerra, desde o 18 de marzo de 2022 (incluído) ata a súa incorporación. |                  |
| 640             | 21/03/2022 | Corrección erro detectado na resolución da alcaldía do 17 de marzo de 2022 relativa á delegación das funcións da alcaldía.  |                  |

**7.- DACIÓN DE CONTA DO ACORDO ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN DE DATA 07/03/2022 SOBRE APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E DAS BASES ESPECÍFICAS DA CONVOCATORIA DO PROCESO SELECTIVO “TÉCNICA/O URBANISMO”**

A Presidencia dá conta aos membros da Corporación do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local por delegación do Sr. alcalde, na sesión de data 7 de marzo de 2022, relativo á aprobación da convocatoria e das bases específicas da convocatoria do proceso selectivo “tecnica/o urbanismo”

**8.- DACIÓN DE CONTA DO ACORDO ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN DE DATA 15/03/2022 SOBRE APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E DAS BASES DA CONVOCATORIA E DAS BASES DA CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DUN/HA TÉCNICA/O DE TURISMO.**

|  |                      |
|--|----------------------|
| Código do documento  | Código do expediente |
| <b>USG16I01BE</b>  | <b>USG/2022/49</b>   |
| Código de Verificación Electrónica (COVE)  |                      |
|  |                      |
| 0N34 0D27 6T08 305Y 0FT2   |                      |

A Presidencia dá conta aos membros da Corporación do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local por delegación do Sr. alcalde, na sesión de data 15 de marzo de 2022, relativo a aprobación da convocatoria e das bases da convocatoria para a selección dun/ha técnica/o de turismo.

**9.- DACIÓN DE CONTA DO ACORDO ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN DE DATA 21/03/2022 SOBRE MODIFICACIÓN DO ACORDO RELATIVO Á CONVOCATORIA E BASES DA CONVOCATORIA DO PROCESO SELECTIVO "TECNICA/O DE URBANISMO (ACCESO LIBRE).**

A Presidencia dá conta aos membros da Corporación do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local por delegación do Sr. alcalde, na sesión de data 21 de marzo de 2022, relativo á modificación do acordo relativo a convocatoria e bases da convocatoria do proceso selectivo "técnica/o de urbanismo (acceso libre).

**10.- DACIÓN DE CONTA DO PLAN ANUAL DE CONTROL FINANCEIRO DO CONCELLO DE CULLEREDO. EXERCICIO 2021**

A Presidencia dá conta aos membros da Corporación municipal do plan anual de control financeiro do Concello de Culleredo exercicio 2021 (código de documento UIT16I002L) que transcrito di:

"PLAN ANUAL DE CONTROL FINANCIERO DEL CONCELLO DE CULLEREDO. EJERCICIO 2021

ÍNDICE

C.I.F. P-1503100-H

1. INTRODUCCIÓN
2. OBJETIVOS Y ACTUACIONES
  - 2.1 Marco General
  - 2.2 Objetivos Generales
  - 2.3 Actuaciones Específicas

Anexo I. Esquema del Procedimiento de Control Financiero

1. INTRODUCCIÓN

Se procede a presentar el Plan de Control Financiero para el ejercicio 2021. Su finalidad esencial es establecer el marco para las actuaciones de control financiero sobre la gestión económico-financiera y presupuestaria del ejercicio 2021 del Concello de Culleredo a realizar por este órgano Interventor en colaboración con las firmas privadas de auditoría que se contraten, en su caso.

El artículo 213 del Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales (TRLRHL) regula el control interno en su triple acepción de función interventora, función de control financiero y función de control de eficacia.

El Real Decreto 424/2017 (RDCI), de 28 de abril, por el que se regula el régimen jurídico del control interno en las entidades del Sector Público Local define el control financiero como aquel que tiene por objeto verificar el funcionamiento de los servicios del sector público local en el aspecto económico financiero para comprobar el cumplimiento de la normativa y la buena gestión financiera, en términos de eficacia, eficiencia, economía, calidad,

transparencia, estabilidade presupuestaria y sostenibilidad financiera. El control financiero comprende el control permanente y la auditoría pública, destacando dentro del primero el control de los beneficiarios de subvenciones (artículo 3.3, 3.4 y 3.5).

El control permanente se ejecuta de forma continua, en aquéllos supuestos previstos en el ordenamiento jurídico o en el propio plan, pudiéndose aplicar técnicas de auditoría (artículo 29.2). Y la auditoría pública es una verificación a posteriori mediante la aplicación de los procedimientos de revisión selectivos contenidos en las normas de auditoría. La auditoría pública engloba la auditoría de cuentas, esto es, la verificación de la imagen fiel de las cuentas y de la correcta ejecución del presupuesto, y la auditoría de cumplimiento y operativa en las entidades no sometidas a control permanente (artículo 29.3).

De conformidad con el artículo 31 del Real Decreto 424/2017 el órgano interventor deberá elaborar un Plan Anual de Control Financiero que recogerá las actuaciones de control permanente y auditoría pública a realizar durante el ejercicio, tanto las que deriven de una obligación legal como las que se seleccionen en base a los riesgos, objetivos, prioridades y medios disponibles.

A estos efectos, el artículo 34 prevé la colaboración pública o privada mediante convenios o la contratación de firmas privadas de auditoría para lo que se consignarán en los presupuestos las cuantías suficientes.

C.I.F. P-1503100-H

## 2. OBJETIVOS Y ACTUACIONES

### 2.1 Marco General

El control financiero tiene como finalidad última promover la mejora de las técnicas y procedimientos de gestión económico-financieros a través de las propuestas que se deduzcan de los resultados del mismo. De los informes de control se podrá extraer información que permita una mejor aplicación de los principios de eficiencia y economía en la programación y ejecución del gasto público.

Los trabajos de control permanente incluirán las siguientes actuaciones (artículo 32 RDCI):

- a) Verificación del cumplimiento de la normativa y procedimientos aplicables a los aspectos de la gestión económica a los que no se extiende la función interventora.
- b) Seguimiento de la ejecución presupuestaria y verificación del cumplimiento de los objetivos asignados.
- c) Comprobación de la planificación, gestión y situación de la tesorería.
- d) Las actuaciones previstas en las normas presupuestarias y reguladoras de la gestión económica del sector público local atribuidas al órgano interventor.
- e) Análisis de las operaciones y procedimientos, con el objeto de proporcionar una valoración de su racionalidad económico-financiera y su adecuación a los principios de buena gestión, a fin de detectar sus posibles deficiencias y proponer las recomendaciones en orden a la corrección de aquéllas.

|  |                      |
|--|----------------------|
| Código do documento  | Código do expediente |
| <b>USG16I01BE</b>  | <b>USG/2022/49</b>   |
| Código de Verificación Electrónica (COVE)  |                      |
|  |                      |
| 0N34 0D27 6T08 3O5Y 0FT2   |                      |

f) En la Entidad Local, verificar, mediante técnicas de auditoría, que los datos e información con trascendencia económica proporcionados por los órganos gestores como soporte de la información contable, reflejan razonablemente el resultado las operaciones derivadas de su actividad económico-financiera.

Las actuaciones antes referidas se documentarán en informes (artículo 35 RDCI). Anualmente, con ocasión de la aprobación de la cuenta general, se elaborará un informe resumen comprensivo de los resultados de las actuaciones de control interno realizadas durante el ejercicio (artículo 37 RDCI).

## 2.2 Objetivos Generales

Los objetivos generales, que pueden considerarse principios inspiradores en el ejercicio del control financiero, son la estabilidad, la transparencia y la responsabilidad.

La estabilidad y transparencia tienen una estrecha relación como exigencias ineludibles de la gestión pública de nuestro tiempo, reforzadas por la normativa aplicable en materia económica: Ley Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidad Presupuestaria y Sostenibilidad Financiera, desarrollada por la Orden 2105/2012, de 1 de octubre, siendo el principio de transparencia un elemento esencial en la rendición de cuentas y control económico financiero de la administración pública, en aras a la consecución última de la máxima eficacia y eficiencia en el empleo de recursos públicos.

De otro lado, la Ley 19/20143, de 19 de diciembre, de transparencia, acceso a la información pública y buen gobierno, que tiene por objeto "ampliar y reforzar la transparencia de la actividad pública, regular y garantizar el derecho de acceso a la información, relativa a aquella actividad y establecer las obligaciones de buen gobierno que deben cumplir los responsables públicos, así como las consecuencias derivadas de su incumplimiento" establece que los altos cargos "actuarán con transparencia en la gestión de los asuntos públicos, de acuerdo con los principios de eficacia, economía y eficiencia y con el objetivo de satisfacer el interés general".

## 2.3 Actuaciones Específicas

En el ámbito del Concello de Culleredo se han delimitado las actuaciones de control en las siguientes áreas:

- 1) Evaluación del cumplimiento de la normativa en materia de morosidad, conforme a lo establecido en el artículo 12.2 de la Ley 25/2013, de 27 de diciembre, de impulso de la factura electrónica y creación del registro contable de facturas en el Sector Público.
- 2) Análisis de los registros contables de las facturas para verificar que cumplen con las condiciones de funcionamiento previstas en la Ley 25/2013 y su normativa de desarrollo, conforme a lo señalado en su artículo 12.3.
- 3) La Ley 15/2014, de 16 de septiembre, de racionalización del Sector Público y otras medidas de reforma administrativa modificó el régimen jurídico de la Base de Datos Nacional de Subvenciones (BDNS) contenido en el art. 20 de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, y establece un nuevo régimen de

34 de 41

publicidad de las convocatorias de subvenciones y ayudas públicas aprobadas a partir del 1 de enero de 2016. En relación a la gestión de subvenciones por el Concello, con motivo de la incorporación a la BDNS se determinará el nivel de cumplimiento de las obligaciones recogidas en esa norma.

Anexo I. Esquema del Procedimiento de Control Financiero

C.I.F. P-1503100-H

| ELEMENTOS                     | CONTENIDO  | RECEPTOR  |
|-------------------------------|--|---|
| Plan Anual Control Financiero | I. Objetivos<br>II. Actuaciones  | Pleno   |
| Informes                      | I. Objetivos y Alcance<br>II. Hechos (puestos de manifiesto)<br>III. Conclusiones y Recomendaciones<br><br>Proceso:<br>1º Informe Provisional<br><br>2º Alegaciones (del auditado). Plazo de 15 días.<br><br>3º Informe Definitivo (informe provisional, alegaciones del auditado y observaciones del interventor).<br><br>4º Control de Recomendaciones | Responsable auditado<br><br>Interventor<br><br>Responsable auditado y Alcalde (a través de este al Pleno) |

|                               |  |   |
|-------------------------------|--|---|
|                               |  |   |
| Informe Anual Control Interno | Resultados más significativos y corrección de las debilidades (en su caso nuevas actuaciones del Plan) | Pleno (Cuenta General) e Intervención General de la Administración del Estado (primer cuatrimestre) |

«

### **11.- DACIÓN DE CONTA DE INFORMES DE REPARO DE INTERVENCIÓN.**

A Presidencia dá conta aos membros da Corporación municipal dos seguintes informes de reparo formulados pola Intervención municipal:

- Informe de data 17/02/2022 (código de documento UIT16I0045)
- Informe de data 16/02/2022 (código de documento UIT16I003R)
- Informe de data 16/02/2022 (código de documento UIT16I003Z)
- Informe de data 16/02/2022 (código de documento UIT16I003W)
- Informe de data 16/02/2022 (código de documento UIT16I003S)
- Informe de data 16/02/2022 (código de documento UIT16I003T)
- Informe de data 16/02/2022 (código de documento UIT16I003Q)
- Informe de data 16/02/2022 (código de documento UIT16I003O)
- Informe de data 01/02/2022 (código de documento UIT16I001Y)
- Informe de data 16/02/2022 (código de documento UIT16I003V)
- Informe de data 03/02/2022 (código de documento UIT16I0029)
- Informe de data 16/02/2022 (código de documento UIT16I003P)
- Informe de data 03/03/2022 (código de documento UIT16I0056)
- Informe de data 03/03/2022 (código de documento UIT16I0055)
- Informe de data 04/03/2022 (código de documento UIT16I005C)
- Informe de data 16/02/2022 (código de documento UIT16I003U)
- Informe de data 04/03/2022 (código de documento UIT16I004Y)
- Informe de data 04/03/2022 (código de documento UIT16I004Z)
- Informe de data 04/03/2022 (código de documento UIT16I005D)
- Informe de data 04/03/2022 (código de documento UIT16I0050)
- Informe de data 07/03/2022 (código de documento UIT16I005G)

C.I.F. P-1503100-H



|  |                      |
|--|----------------------|
| Código do documento  | Código do expediente |
| <b>USG16I01BE</b>  | <b>USG/2022/49</b>   |
| Código de Verificación Electrónica (COVE)  |                      |
|  |                      |
| 0N34 0D27 6T08 305Y 0FT2   |                      |

- Informe de data 04/03/2022 (código de documento UIT16I0059)
- Informe de data 04/03/2022 (código de documento UIT16I004W)
- Informe de data 04/03/2022 (código de documento UIT16I0051)
- Informe de data 04/03/2022 (código de documento UIT16I0058)
- Informe de data 04/03/2022 (código de documento UIT16I004X)
- Informe de data 04/03/2022 (código de documento UIT16I0053)
- Informe de data 16/03/2022 (código de documento UIT16I0069)
- Informe de data 03/02/2022 (código de documento UIT16I002C)
- Informe de data 04/03/2022 (código de documento UIT16I0054)
- Informe de data 16/03/2022 (código de documento UIT16I0065)
- Informe de data 16/03/2022 (código de documento UIT16I0066)

## **12.- MOCIÓNS URXENTES**

Non se presenta ningunha.

## **13.- ROGOS E PREGUNTAS**

A Presidencia pregunta aos membros da Corporación se teñen que facer algún rogo ou pregunta, solicitando o uso da palabra o voceiro do grupo político Alternativa dos Veciños, sr. Mourelle Botana quen, unha vez concedido, di que no día anterior no Pleno extraordinario no que se debatiron os orzamentos o sr. Alcalde anunciou un investimento de seiscentos mil euros nos terreos da antiga Cross, que dicía que tiñan previsto acometer unha obra de mellora nas instalacións; que ningún nega que lle haxa que dar unha utilidade a aquelas naves; que o señor alcalde e o equipo de goberno, previo estudo, teñen previsto a instalación dunha piscina municipal nos devanditos terreos e preparar un espazo polivalente para a realización de eventos e actividades; que a idea sería un recinto que se amolde ás necesidades de cada acto que se celebre na nave acondicionada como ocorre na cidade da Cultura de Santiago "Gaias"; que desde Alternativa dos Veciños rogan que se lles conteste á pregunta que lle fixeron o día anterior no Pleno extraordinario do orzamento, se contemplan e teñen previsto a descontaminación dos terreos antes de acometer ditas obras xa que se non lembra mal antigamente era unha fábrica de fertilizantes.

Fai uso da palabra a sra. Presidenta que di que se lle contestará por escrito.

O sr. Mourelle Botana continúa a súa intervención e di que roga que se lle aclare aos veciños de Culleredo as preguntas referentes á cuberta do Parque das Brañas; pregunta cal foi o custo real de dita cuberta que ao día da data segue no chan e se se depuraron as responsabilidades por dita obra; pregunta se se fixo algunha reclamación á empresa que a executou e di que consideran que os veciños de Culleredo merecen unhas explicacións por esos feitos.

Intervén a sra. Presidenta e di que lles contestará por escrito no seguinte Pleno.

Intervén novamente o sr. Mourelle Botana e di que quere rogarlle á sra. Presidenta e máis concretamente á concellería de obras e medio ambiente cuxo titular é don Carlos Liñares Gestal que fagan un seguimento das baldosas que están levantadas ao longo do Concello e, dito sexa de paso, das tapas de alcantarillado; di que non só

|  |                      |
|--|----------------------|
| Código do documento  | Código do expediente |
| <b>USG16I01BE</b>  | <b>USG/2022/49</b>   |
| Código de Verificación Electrónica (COVE)  |                      |
|  |                      |
| 0N34 0D27 6T08 3O5Y 0FT2   |                      |

é facer obras ou dicir que se van facer cando non son capaces de facer o mantemento do que teñen; que non só están levantadas as baldosas do Paseo Marítimo, que por desgraza hai moitas levantadas ao longo de todo o Concello; que aproveita para agradecerlle ao sr. Alcalde que no pleno do día trinta de marzo recoñeceu que había e que hai baldosas levantadas ao longo do Paseo Marítimo do Burgo e concorda co sr. Alcalde que un bo xestor ten que mirar polos intereses dos concidadanos; que non é o momento para poñerse co acondicionamento de ditas baldosas cando están a comezar as obras do dragado da Ría do Burgo xa que por dito paseo vai transcurrir maquinaria pesada e que espera que unha vez rematadas ditas obras, tanto o sr. Alcalde como o seu concelleiro se preocupen de que ao longo do paseo marítimo non haxa ningunha baldosa levantada; que lles roga que se preocupen do acondicionamento das beirarrúas do Concello de Culleredo e os invita a que den unha volta pola rúa Alcalde Domingo Sierra, paralela á Avda. De Vilaboa onde van comezar as obras de humanización e que poderán comprobar as silveiras que transcorren ao longo das beirarrúas e a sensación de abandono; que non pode negar o sr. Liñares Gestal que o sr. Mourelle Botana se molesta en mardarlle fotos desde o seu móbil de cómo se atopan as beirarrúas, os alcantarillados, etc do Concello xa que os concelleiros de Alternativa dos Veciños non están na oficina de oito a quince senón nas rúas.

A continuación solicita o uso da palabra a sra. Concelleira do BNG , sra. Pérez Mosquera quen, unha vez concedido di que lle gustaría facer dous rogos, o primeiro en relación ao feito de que o sr. alcalde hai un mes ou mes e algo nun dos plenos lle dixo a ela que estaba mentindo en relación á asociación de Orro e a un convenio; que lle dixo que lle contestaría e que lle mandaría o convenio por escrito; que o BNG segue agardando por estos escritos polo que lle roga que ademais de dicirlle que mentían que lle contesten por escrito.

C.I.F. P-1503100-H

Intervén a sra. Presidenta e di que ela respecto a este tema non lle pode contestar pero que sí que lle comentaron que están coa resposta e que cre que ao día seguinte lla trasladarán por escrito.

Seguidamente a sra. Pérez Mosquera fai o segundo rogo e di que como dicía Aristóteles cada un é dono do seu silencio e escravo das súas palabras; que lle gustaría que no día da data estivese o sr. Alcalde no Pleno; que aínda que non está, está a sra. Pombo Carril como alcaldesa e que como o que vai dicir vai constar en acta e llo van transmitir ao sr. Alcalde quere comentar que o día 29 de xullo de 2018 saliu en prensa unha noticia que dicía que Culleredo impulsaría sendas, miradores e un centro de parapente no Monte Xalo; que o Concello de Culleredo daría un novo paso no seu proxecto de relanzar o patrimonio natural do Monte Xalo, desenvolvería rutas peonís, ciclistas e miradores e impulsaría un centro de parapente para potenciar os recursos naturais e paisaxísticos da zona; que o sr. Alcalde non fai máis que mentirlles e deixar ao gupo municipal do BNG por mentireiro e aos concellerios por mentireiros e as veciñas e veciños que os ven tamén por mentireiros; que se teñen que poñer así porque o sr. Alcalde non lles pode dicir nun pleno de orzamentos que están a dicir mentiras, que é unha burrada que se lle ocorreu ao concelleiro do BNG de falar dun centro de parapente, que iso está prohibido por lei e sen embargo eso saliu nunha noticia financiada polo Concello o 29 de xullo de 2018; prega que lles manden por escrito un rogo pedindolles desculpas non a eles, que están en representación dos veciños, senón as veciñas e veciños de Culleredo que constantemente son insultados, vilipendiados e que non se lles fai caso e se lles minte na cara.

A continuación solicita o uso da palabra o sr. Concelleiro do BNG, sr. Méndez Mosquera quen, unha vez concedido di que se están tratando neste pleno moitas cuestións que xurdiron no pleno do día anterior; que despois do "spitch" final do sr. Alcalde e da súa negativa a debater as alusións ás intervencións da oposición, que no día da data os deixa co cú ao aire coas preguntas que non obtiron resposta o día anterior.

Continúa dicindo que quere trasladar tres rogos e dúas preguntas.

No primeiro rogo di que observa que nos últimos días estase a anunciar unha nova edición do Morriña Festival; que descoñece se o Concello de Culleredo patrocinará novamente este festival pero que deben de lembrar que na primeira edición observaron na súa tramitación varias irregularidades das que xa teñen falado en comisións informativas e en pasados plenos: desde a ausencia no expediente dunha licenza municipal para a celebración do

38 de 41

|  |                      |
|--|----------------------|
| Código do documento  | Código do expediente |
| <b>USG16I01BE</b>  | <b>USG/2022/49</b>   |
| Código de Verificación Electrónica (COVE)  |                      |
|  |                      |
| 0N34 0D27 6T08 3O5Y 0FT2   |                      |

evento, a asunción por parte do Concello dunha taxa que debería asumir a empresa privada que organiza, a ausencia dun convenio de colaboración, a ausencia dun estudo do impacto na economía do Concello que motivase ese patrocinio ou a compra de entradas para os concertos sen ningún tipo de base conforme a lei de contratos con reparos de intervención, entradas aínda por riba repartidas sen ningunha convocatoria pública, sen sorteo, sen bases públicas; que cren que as irregularidades son evidentes e polo tanto rogan que se nesta ocasión o Morriña Festival vai ter relación co Concello de Culleredo se inicien os trámites pertinentes para axustar esa relación entre o Concello de Culleredo e a organización do festival á legalidade; que iso é o mínimo para non faltarlle ao respecto ás empresas e comerciantes deste concello que cumpren con todas as normas e pagan todas as taxas.

Di que o segundo rogo é en relación ao pleno do día anterior de orzamentos; que saía ao respecto da participación veciñal e se comentaba que a participación veciñal existe a través do procedemento para a participación nos propios orzamentos pero tamén ao longo de todo o ano; que a cuestión é qué se fai con esa participación, se se escoita ou non; que hai cousa dunhas semanas se rexistraron no concello máis de mil sinaturas que facían propostas para a implantación de fibra óptica no rural do Concello; que rogan que as atendan, que non ocorra como coas máis de cincocentas sinaturas que solicitaban melloras no servizo de auga potable ou máis de cento vinte sinaturas para a Fonte da Balsa para que se faga o proxecto que o goberno municipal prometeu e iniciou durante a campaña e que non ocorra o mesmo que coas sinaturas recollidas na Laxe para facer unha circunvalación que permita que poidan durmir tranquilos pola noite; rogan que inicien a tramitación da iniciativa popular rexistrada por estos máis de mil veciños.

Segue a dicir que o terceiro rogo ten que ver con outra cuestión que tamén xurdiu o día anterior en relación co proxecto de Humanización da Avda de Vilaboia; que él participou nunha xuntanza dos veciños co sr. Alcalde na que estaba tamén o concelleiro de obras e o redactor do proxecto etc, etc; que naquela reunión comentouse, ante as preguntas dos veciños que estaban alí, se se ía contar con aparcamentos alternativos durante a execución da obra; que a resposta foi que sí e que no pleno do día anterior sorpréndense co "spitch" do señor alcalde cando di que iso leva o seu tempo porque hai que comprar terreos, facer obras; pide que o sr. Alcalde lle aclare aos veciños se van poder contar con aparcadoiros alternativos durante as obras; que a reclamación era clarísima; que o que fai falta é escoitar e roga que aclare se van poder contar cos aparcamentos alternativos durante as obras e a ser posible que non sexan temporais porque falta fai o aparcamento.

A continuación o sr. Méndez Mosquera di que quere realizar un par de preguntas: en primeiro lugar respecto da dación de conta que se acaba de mencionar na orde do día relativa ás bases para a selección dun técnico de urbanismo; di que hai unha anotación no informe da secretaria sobre a ilegalidade dun dos preceptos das bases que van rexir este procedemento e que non asignan a función de secretario do tribunal á secretaria municipal; que é unha atribución establecida por lei e que así se recolle no Real decreto 128/2018 sobre o réxime xurídico dos funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional; que en cambio o goberno municipal non sabe por qué razón non o fai así, conforme di a lei; que queren preguntar por qué o fan así a pesar de que están sendo advertidos de que é ilegal, pregúntalle á sra Marta Figueroa Fuentes se lles pode responder.

Intervén a sra. concelleira do PSOE, sra. Figueroa Fuentes e di que non comparte o seu criterio; que consultaron con asesores xurídicos e con técnicos doutras administracións públicas e o que o sr. Méndez Mosquera indica non é correcto; que él pretende disfrazar de ilegalidade algo que non o é; que se trata de algo que non exclúe, que simplemente non obriga a que a secretaria teña que formar parte; reitera que non comparte o criterio porque teñen consultas técnicas que lles din que non é así o que o sr. Méndez Mosquera lles está intentando trasladar.

O sr. Méndez Mosquera di que non o di él, que o di a Lei, e que existe o Real decreto que acaba de mencionar.

A sra. Figueroa Fuentes di que o BNG está a interpretar o que di a Lei, que non o di a Lei.

O sr. Méndez Mosquera contesta que é literal o que di a Lei, que regula unha das funcións reservadas á secretaria da corporación, é a da secretaria dos órganos colexiados que vinculan á administración; que é negro sobre branco;

39 de 41

|  |                      |
|--|----------------------|
| Código do documento  | Código do expediente |
| <b>USG16I01BE</b>  | <b>USG/2022/49</b>   |
| Código de Verificación Electrónica (COVE)  |                      |
|  |                      |
| 0N34 0D27 6T08 3O5Y 0FT2   |                      |

que non sabe o que interpretan eles pero que él ten claro o que interpreta él; pide que quede constancia da resposta da sra. Figueroa Fuentes e da pregunta del e tamén do contido da lei.

Continúa a súa intervención o Sr. Méndez Mosquera e di que a segunda pregunta tamén xurdiu o día anterior ante o "spitch" do sr. alcalde e a súa negativa a darlle a palabra aos grupos da oposición despois das alusións ás súas palabras; que quedou sen resposta unha pregunta que o sr. Méndez Mosquera lle formulou á sra. Iglesias Becerra sobre a lei ou o real decreto que paralizaba a contratación pública, di que non sabe se a sra. concelleira lle pode responder.

A continuación fai uso da palabra a sra. Iglesias Becerra que di que o pleno do orzamento foi o día anterior; que o sr. alcalde deixou todo clarisimamente explicado e que non hai ningunha dúbida ao respecto; que esto era unha anotación que ao sr. Méndez Mosquera lle sobreveu no desenvolvemento do pleno e que cre que está todo perfectamente contestado; que a lei a ten á súa disposición e que só hai que mirala.

O sr. Méndez Mosquera dille que a lei á que ella facía referencia él non a ten, que non a atopou por iso lle pide unha referencia a ver se a atopa para poder consultala.

A sra. Iglesias Becerra dille que a busque porque a lexislación está a disposición de todos.

O sr. Méndez Mosquera dille que cre que non a escoitaron os veciños.

A sra. Iglesias Becerra insiste en que a busque, que ela non sabe a lexislación toda de memoria, que a lei existe e que él a busque porque está a disposición súa igual que dela.

C.I.F. P-1503100-H

O sr. Méndez Mosquera di que terá que seguir buscando porque a verdade é que non a atopa, e que ela non lle quere responder cal é.

A continuación solicita o uso da palabra o concelleiro do PP, sr. Prieto García quen, unha vez concedido di que no seu día presentaran un rogo; que o sr. alcalde dixo que o atendería; que os veciños seguen preguntando e a raíz disto o presenta como pregunta; que quere que lles dean unha data exacta de cando se vai tratar o asunto das pombas de Fonteculler na praza de Castelao; que isto foi hai dous meses; que se lles dixo que se ía mandar un equipo de desinfección, etc, etc, pero que non houbo ningunha actuación ao respecto; que na mesma praza comentaron o tema das árbores, sobre todo un piñeiro que está á altura das ventás e cuxas ramas entran nos inmobles e que solta polvo e que preocupa aos veciños; que se presentaron varias queixas no concello, que se quedou que se ía arregar pero que seguen pendentes e que poir iso pregunta cal é a data de inicio das actuacións.

Seguidamente di que na Comisión Informativa da pasada semana lle preguntaron ao sr. alcalde sobre a comisión de investigación da cuberta das Brañas; que no seu día no Pleno se solicitara por parte do grupo municipal do BNG e do PP a creación dunha comisión de investigación; que a resposta do alcalde foi que esa comisión de investigación non a ían votar a favor porque xa tiñan outra comisión moito mellor; que na última comisión informativa se lles dixo que non había ningunha comisión de investigación e que non se plantexara nada diso nin xamais se falara diso; que tampouco se lles deu resposta de se se iniciara expediente informativo, un expediente de instrucción, etc, etc; que quere preguntar se se iniciou algún tipo de expediente real encamiñado á sanción da empresa licitadora; que entende que non se lle impuxera ningunha penalidade ao non haber expediente; non se sabe se a garantía desa empresa se atopa retida ou non xa que había un pago parcial, senón total da obra; que descoñece cómo se pode facer un pago parcial dunha obra que supostamente non está recepcionada e a razón de qué se lle vai discutir á empresa que supostamente cumpriu o contrato a non devolución dunha garantía; que o lóxico sería poñer un expediente de instrucción, a sanción económica e a prohibición de contratar do artigo 71 por iso dubida se se fixo ou non porque presenta un plan novo que logo non é un plan e logo sí; que os veciños de Fonteculler como o PP querían saber a resposta en relación aos prazos xurídicos, as accións xurídicas e todas as actuacións en vía administrativa que se realizan neste punto.

Continúa o Sr. Prieto García a súa intervención e di que o segundo é un rogo á alcaldía; di que sempre que solicitan algo por sede electrónica aos concelleiros do Partido Popular, non sabe se ao resto tamén aínda que entende que sí,

|  |                      |
|--|----------------------|
| Código do documento  | Código do expediente |
| <b>USG16I01BE</b>  | <b>USG/2022/49</b>   |
| Código de Verificación Electrónica (COVE)  |                      |
|  |                      |
| 0N34 0D27 6T08 3O5Y 0FT2   |                      |

se lles contesta que identifiquen a forma de resposta; que os concelleiros teñen a obriga de tratar coa administración pública igual que as empresas mediante sede electrónica e a administración pública ten a obriga legal de responder aos concelleiros por sede electrónica; que non poden facer uso da transparencia, da democracia e de todo este tipo de cousas cando son eles os que poñen trabas constantemente; que non sabe se desde alcaldía se descoñece isto; que non pode ser que a través de comunicados oficiais a concelleiros desta mesma corporación se lles diga reiteradamente que desde o concello se descoñece a lei; que todo isto vai amparado polos servizos xurídicos do Concello, esos servizos xurídicos que din que se responda iso, que son os mesmos servizos xurídicos que logo a sra. Figueroa Fuentes colle para reiterar que a secretaría xeral non ten que estar nas mesas de selección e para respaldar todo este tipo de cousas; di que é unha obviedade manifestar a obriga legal de contestar por esa vía.

Di que por último, e en relación ao que comentaba o grupo político do BNG lle quere dicir á sra. Iglesias Becerra que él tampouco atopou a lei que buscaba; que é verdade que houbo unha parálise dos prazos administrativos desde o 14 de marzo ata o 1 de xuño e dos xudiciais ata o 4 de xuño e que tamén cre que houbo dúas semanas que se paralizou a contratación pública; que se él non lembra mal neste concello se lle deu un plus aos funcionarios por correr o risco de ir a traballar e polo seu esforzo nesa época pola pandemia; que él sabe que non se paralizou e de que hai expedientes de contratación iniciados en datas de principios de xuño e de maio; que quere que conste por escrito a pregunta de cal é a lei que paralizou ou prohibiu a contratación pública; que entende que unha lei neste sentido irá contra a lei de contratos do sector público e por rango de xerarquía terá que ser unha Lei orgánica ao supoñer unha limitación á Lei de contratos.

Intervén a sra. Presidenta que di que contestará por escrito no seguinte Pleno ás preguntas e atenderán aos rogos.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as catorce horas e corenta e seis minutos do mencionado día, redactándose de todo iso a presente acta do que eu, secretaria, dou fe.

C.I.F. P-1503100-H

Vº e prace,

A alcaldesa en funcións

(asinado dixitalmente nesta data pola concelleira  
delegada de Política Social e Promoción do Deporte  
que actuou como alcaldesa en funcións o día da sesión)

(Asinado dixitalmente)